



CONCELLO DE BEGONTE

BASES REGULADORAS DA SELECCIÓN E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 POSTO DE TÉCNICO SUPERIOR DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto desta convocatoria a contratación en réxime laboral con carácter temporal e xornada do 100 %, para o seguinte posto de traballo: 1 Técnico Superior de Animación Socio-Cultural.

1.1. FUNCÍONS.

Desempeñarán as funcións propias da súa categoría e grupo profesional.

1.2.- DURACIÓN DO CONTRATO.

Será de nove (9) meses.

2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos no momento de realización do proceso de selección :

- a) Ser español ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea, nos termos do disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. (R.D. Legislativo 5/2015, de 30 de outubro).
- b) Ter a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- c) Estar en posesión do Título de Técnico Superior en Animación Sociocultural.
- d) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por sentenza firme.
- f) Os aspirantes que non teñan nacionalidade española e poidan participar nesta convocatoria, deberán, igualmente, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado , nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

3.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

3.1.- Solicitudes. A selección do persoal a contratar levarase a cabo mediante a presentación de instancia segundo o modelo que figura no anexo I das presentes bases, dirixido ao Sr. Alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello de Begonte , en horario de 9:00 a 14:30 horas de luns a venres, ou a través de calquera dos medios que prevé a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **cinco (5) días naturais** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Xornal “ El Progreso “ de Lugo.



CONCELLO DE BEGONTE

Cando as solicitudes se presenten fora do rexistro do Concello de Begonte, e co fin de axilizar os trámites, deberase remitir unha comunicación por correo electrónico info@concellodebegonte.es comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente.

Os candidatos/as deberán acompañar - xunto coa correspondente instancia (modelo anexo I) -, a fotocopia compulsada do DNI ou documento que acredite a súa identidade, a fotocopia compulsada dos requisitos esixidos nestas bases para participar e da documentación acreditativa dos méritos alegados.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos.

3.2.-Admisión de Aspirantes.

Rematado o prazo para presentar as instancias, o Alcalde ditará resolución no prazo máximo de 10 días , que conterà:

- A lista provisional de admitidos e excluídos coa especificación no seu caso do motivo da exclusión.
- A designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- A data, hora e lugar en que se realizará a entrevista e se valorarán os méritos alegados polos candidatos.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello e na súa páxina web www.concellodebegonte.es.

Concederase un prazo de 2 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución , para a emenda de posibles deficiencias polos aspirantes excluídos, que se aceptarán ou rexeitarán mediante resolución pública de Alcaldía, publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal: www.concellodebegonte.es, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

Contra a resolución do alcalde pola que se declaren definitivamente excluídos do proceso selectivo, o interesado poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web: www.concellodebegonte.es da devandita resolución, ou ben directamente o recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses desde a citada data. Non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición ou se producise a súa desestimación presunta.



4.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

O sistema de selección dos traballadores consistirá nunha fase de concurso na que se valorarán os méritos alegados polos aspirantes e se realizará unha entrevista previa dirixida a apreciar as actitudes dos aspirantes para o mellor desempeño do posto de traballo.

4.1. DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGARSE:

- a) Fotocopia compulsada do D.N.I.
- b) Fotocopia compulsada do título académico requerido para o posto.
- c) Documentación que acredite os méritos alegados, para a súa valoración.

Os méritos non alegados e/ou non acreditados documentalmente o día da selección non serán obxecto de subsanación posterior.

4.2. FORMA DE ACREDITACIÓN DOS MÉRITOS.

- Experiencia Profesional: Informe de Vida Laboral e Copia Compulsada dos Contratos de Traballo relacionados co cometido funcional o que se aspira, completado, si é posible, co certificado descritivo das tarefas desenvoltas.
- Cursos de Formación e coñecemento do galego: Orixinal ou copia compulsada do diploma ou certificado acreditativo da súa asistencia e/ou aproveitamento e da súa superación.

I.-MÉRITOS COMPUTABLES:

I.- EXPERIENCIA PROFESIONAL: máximo 3,00 puntos.

- A) Servizos prestados como traballador/a nunha Administración Pública, en posto de traballo da mesma categoría e cometido funcional ao que se aspira: 0,10 puntos/mes completo, ata un máximo de 3,00 puntos.
- B) Servizos prestados como traballador/a na empresa privada en posto de traballo da mesma categoría e cometido funcional ao que se aspira: 0,05 puntos/ mes, ata un máximo de 3,00 puntos.

II.- CURSOS DE FORMACIÓN: máximo 2,00 puntos. Pola participación ou realización de cursos ou actividades de formación directamente relacionadas coas funcións ou tarefas do posto, impartidas por Organismos Oficiais ou Centros de Estudos de calquera Administración Pública, conforme á seguinte escala :

- De 10 horas ata 20 horas: 0,50 puntos.
- De máis de 21 horas ata 30 horas: 0,75 puntos.
- De máis de 30 horas ata 50 horas: 1,00 puntos.
- De mais de 50 horas: 1,50 puntos.

Os cursos nos que non figure expresamente o nº de horas non serán obxecto de valoración, e ademais non se valorarán os cursos inferiores a 10 horas.



CONCELLO DE BEGONTE

III.- COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO : máximo de 1,00 puntos.

Computarase unicamente o grao superior alegado e concédese validez tan so aos cursos ou titulacións oficiais ou que foran oficialmente obxecto de homologación, con arreglo á seguinte escala:

- a) Celga 1: 0,25 puntos.
- b) Celga 2: 0,50 puntos.
- c) Celga 3 ou Grao de iniciación: 0,75 puntos.
- d) Celga 4 ou Grao de perfeccionamento: 1,00 puntos.

IV.- ENTREVISTA: Máximo 1,00 puntos.

A entrevista terá carácter previo e irá dirixida a apreciar a adecuación entre os méritos alegados polos aspirantes e o perfil do posto de traballo. Constará dun grupo de preguntas que obrigatoriamente se lle farán a tódolos aspirantes.

5.- DESENVOLVEMENTO DA SELECCIÓN.

5.1.- Comisión de Selección:

Constituirase un Tribunal de selección, formado por un número impar de membros, non inferior a cinco, debendo indicarse o mesmo número de suplentes. O Tribunal de selección axustarase ao establecido nos artigos 60 e 61 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual. Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Presidente, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nas presentes bases, de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os membros do tribunal, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.



CONCELLO DE BEGONTE

O nomeamento dos membros do Tribunal e os seus suplentes, realizarase por resolución da alcaldía e publicarase no taboleiro de anuncios do Concello de Begonte e na súa páxina web (www.concellodebegonte.es), xunto coa relación de aspirantes admitidos, así como o día, hora e lugar en que se reunirá e terá lugar a entrevista e valoración dos méritos.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, serán resoltos polo Tribunal, por maioría.

5.2 Desenvolvemento do Proceso de Selección

O Tribunal de Selección procederá á valoración dos méritos alegados, logo da realización da entrevista curricular. A estes efectos, os méritos alegados non acreditados documentalmente o día da selección non serán valorados, e xa que logo, non serán obxecto de subsanación posterior.

A realización da entrevista e valoración dos méritos dos aspirantes seguira a orde do listado de candidatos enviado polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

En caso de empate na puntuación, a orde de prelación é a seguinte: Experiencia, formación, coñecemento do idioma galego e entrevista.

Para posibles substitucións por renuncia, ou outras causas de baixa, seguirase a orde final de puntuación obtida polos candidatos.

6.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.

A Comisión de Selección, realizada a entrevista e as valoracións oportunas dos méritos alegados e coa puntuación total formulará a proposta de contratación, sen que esta poida superar o número de postos convocados.

A proposta de contratación notificarase ao/aos aspirante/es seleccionado/os e publicarase no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web <http://www.concellodebegonte.es/begonte/empleo/>.

7.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

Os aspirantes propostos para ser contratados, dentro do prazo de tres días naturais, a contar dende o seguinte ó da publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos do concello e páxina web do concello, deberá presentar os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria previstos na base 3ª.

A xustificación das condicións dos aspirantes acreditarase coa seguinte documentación:

- a) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza xudicial firme, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade para a función pública de conformidade coa lexislación vixente.



CONCELLO DE BEGONTE

- b) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das tarefas propias da praza.
- c) Fotocopia da tarxeta da seguridade social e certificación número de conta bancaria.

8.- RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Constatado mediante a documentación sinalada no apartado anterior, que os aspirantes propostos reúnen os requisitos esixidos para o contrato, o Sr. Alcalde-Presidente resolverá a favor dos aspirantes propostos e formalizará cos seleccionados o correspondente contrato laboral temporal a tempo parcial, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable.

En caso de renuncia ou non aportar a documentación esixida para a xustificación das condicións dos aspirantes dentro do prazo fixado no punto 7 destas bases, seguirase para a contratación a orde de puntuación obtida no proceso de selección.

9.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

No non sinalado nas presentes bases de selección serán de aplicación as seguintes disposicións :

- Lei 7/1.985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de réxime local.
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015 de 23 de outubro., polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

10.- RÉXIME DE RECURSOS .-

Contra o acordo de aprobación das bases desta convocatoria, que é definitivo en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición diante das Alcaldía, no prazo de un mes contado desde a notificación do acordo, ou recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous mes e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.

Begonte, a 2 de Xaneiro de 2019.
O Alcalde,
José Ulla Rocha.



CONCELLO DE BEGONTE

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE

D/D^a. , con DNI núm. _____, data de nacemento _____ e domicilio para os efectos de notificacións en , municipio de provincia de e número de teléfono , correo electrónico....., estando en coñecemento do proceso de selección convocado polo Concello de Begonte e publicado no Xornal “ El Progreso “ de Lugo, de data , para a contratación en réxime laboral temporal de unha (1) praza de TÉCNICO SUPERIOR EN ANIMACIÓN SOCIO-CULTURAL.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

- Que son certos todos os datos consignados na solicitude.
- Que reúno, na data en que remata o prazo de presentación de instancias, todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, as cales coñezo e acepto expresamente na súa totalidade.
- Que posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias dos postos de traballo.
- Que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopa en estado de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Que alego e acredito os seguintes méritos que se relacionan no Anexo II, que se achega á presente solicitude.

Polo exposto SOLICITO que se me admita a presente solicitude xunto coa documentación adxunta, para concorrer ao proceso selectivo incoado aos efectos da provisión do posto.

_____, ____ de _____ de 2019

O/A solicitante,

Asdo.: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BEGONTE.

En relación co establecido na L.O.P.D de Carácter persoal o **CONCELLO DE BEGONTE** , procede a informarlle que os datos obtidos no noso formulario serán incorporados a un ficheiro de datos, do que é responsable o **CONCELLO DE BEGONTE**, con domicilio social na **Praza Irmáns Souto Montenegro nº 1 27.373 - Begonte - LUGO**. Sendo os datos obtidos co consentimento do interesado, Art. 6 L.O.P.D. o obxecto de dito tratamento será para a xestión das relacións contractuais establecidas entre o Concello e o solicitante. O interesado gozará en todo momento dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición garantidos pola Lei vixente. O titular dos datos comprométese a comunicar por escrito o **CONCELLO DE BEGONTE** , calquera modificación que se produza nos datos aportados.



CONCELLO DE BEGONTE

ANEXO II. VALORACIÓN DE MÉRITOS.

NOME E APELIDOS: _____

DNI núm.: _____

A.-EXPERIENCIA PROFESIONAL

Administración	Categoría	Xornada(%)	Período		Total		
			Desde	Ata	Días	Meses	Anos

B.- CURSOS DE FORMACIÓN.

Denominación	Impartido por:	Nº horas

C.- COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO:

TITULACIÓN

Asdo.